

Memoria xustificativa do acordo de colaboración entre a Consellería de Emprego, Comercio e Emigración e o Consello da Cultura Galega para a realización de actividades relacionadas coa emigración galega, ano 2026

A Consellería de Emprego, Comercio e Emigración é o departamento da Xunta de Galicia ao que lle corresponde, entre outras, a competencia das relacións e o apoio as persoas e ás comunidades galegas do exterior, así como o fomento e a promoción da súa actividade e funcionamento, ademais da promoción de medidas que favorezan o retorno a Galicia dos galegos residentes no exterior e faciliten a súa integración na sociedade galega, tal e como se recolle no artigo 1.c) e d) do Decreto 147/2024, do 20 de maio, polo que se establece a súa estrutura orgánica.

A súa vez, o artigo 49 do antedito decreto determina que a Secretaría Xeral da Emigración é o órgano superior da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia ao cal lle corresponden as competencias en materia de emigración e retorno e, entre outras, as relacións e o apoio ás persoas e ás comunidades galegas no exterior, así como o fomento e a promoción da súa actividade e funcionamento, as competencias recollidas na Lei 7/2013, do 13 de xuño, da galegitude e as atribuídas á Comunidade Autónoma na Lei 40/2006, do 14 de decembro, do Estatuto da cidadanía española no exterior, en particular, as que melloren o benestar social e a calidade de vida da cidadanía galega no exterior.

O Consello da Cultura Galega é unha institución estatutaria, creada ao abeiro do disposto no artigo 32 do Estatuto de Autonomía de Galicia, mediante a Lei 8/1983 do 8 de xullo, do Consello da Cultura Galega. Cun carácter de órgano asesor e consultivo, con capacidade de iniciativa, investigación e organización, ao Consello da Cultura Galega compéttelle a defensa e promoción dos valores culturais do pobo galego.

A Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico sinala no seu artigo 14 que a Administración xeral da Comunidade Autónoma e as entidades do sector público, ou estas entre elas, poderán formalizar acordos de colaboración ou cooperación para o servizo aos intereses xerais mediante o desempeño conxunto de tarefas de interese público da súa competencia.

A colaboración ou cooperación consistirá na participación conxunta e efectiva no desenvolvemento da actividade común, mediante achegas de traballos de organización, medios persoais e materiais ou recursos financeiros para a finalidade compartida, de acordo coas respectivas competencias, e será sempre diferente das



estruturas contractuais onerosas reguladas na lexislación de contratos do sector público.

Así mesmo, sinala que a colaboración ou cooperación será compatible coa compensación dos custos reais en que unha das partes incorrese.

A Consellería de Emprego, Comercio e Emigración ten previsto formalizar co Consello da Cultura Galega o acordo de colaboración para a realización de actividades relacionadas coa promoción, conservación e recuperación do patrimonio cultural da emigración galega.

A adecuación do instrumento colaborativo vén determinada pola achega de cada parte en canto aos elementos base da súa participación, polas funcións indispensables de cada unha no desenvolvemento dos compromisos e o interese común de ofrecer a realización de actividades relacionadas coa promoción, conservación e recuperación do patrimonio cultural da emigración galega.

Existe converxencia de intereses entre as partes asinantes en orde á consecución do obxecto referido, posto que consideran prioritario desenvolver este proxecto cultural.

Neste senso, o Consello da Cultura Galega comprométese a:

- a) Destinar o importe do acordo a realizar as actuacións necesarias para realizar os obxectivos do acordo e sufragar ás empresas e profesionais que realicen os traballos necesarios para o cumprimento do mesmo.
- b) Organización de actividades de promoción da emigración galega.
- c) Documentación e deseño dunha exposición sobre a muller e a emigración.
- d) Difusión das exposicións de temática migratoria promovidas polo Consello da Cultura Galega. Entre os gastos destas mostras inclúense os referentes a traslado, montaxe, inauguración, produción e divulgación.
- e) Localización, inventariado e dixitalización de documentación e publicacións de sociedades de emigrantes galegos, así como doutros fondos documentais relacionados coa emigración galega.
- f) Publicación de libros de temática emigratoria.
- g) Proxecto memoria gráfica da arquitectura indiana en Galicia.
- h) Que o nome e o anagrama das dúas institucións figuren de maneira visible e teñan un espazo similar en todas as actuacións que se realicen na execución do presente acordo, así como nos medios que se empreguen para a súa difusión publicitaria.



Pola súa parte, a Consellería de Emprego, Comercio e Emigración contribúe ao financiamento dos gastos necesarios derivados da realización dos obxectivos deste acordo de colaboración mediante a achega de cincuenta mil euros (50.000,00€), con cargo á aplicación orzamentaria 14.05.312C.640.0 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2026.

Polo exposto, tendo en conta os obxectivos pretendidos e que os intereses das partes exclúen o ánimo de lucro e non poden satisfacerse axeitadamente a través da sinatura dun contrato administrativo ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional, e a fin de dar cumprimento ao disposto na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificada a sinatura do acordo de colaboración que se pretende, con exclusión doutras figuras.

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica

O secretario xeral da Emigración

Antonio Rodríguez Miranda

